



Autoría: Noé Rañón - @enclavedemestre

ÍNDICE DO LIBRIÑO 5

HISTORIA	3	AXUDAS PARA O ALUMANDO	
PROGRAMA DE ESTUDO	5	Primeiros pasos no capítulo	31
Coñecemento instrumental	7	Resumo da historia, mapas e consellos para comezar.	
Formación rítmica	13	CRÉDITOS, LICENCIAS E	35
Linguaxe musical e harmonía	23	ATRIBUCIÓN	
Interpretación instrumental	29		



Autoría: Noé Rañón - @enclavedemestre
2024 en licencias por formación para Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e Universidades
Xunta de Galicia.,

Obra publicada con Licencia Creative Commons Reconocimiento - No comercial- Compartir igual 4.0

HISTORIA

Despois dunha gran aventura na vila de Ovidio, Cantares da Brétema, o grupo alí formado decide axudar aos nosos protagonistas a recuperar Oseira . O que non se esperaban é que ao chegar alí a Entidade xa os estaba agardando, xa que estaban informados das intencións destes polo traidor de Percu. Despois deste terrible xiro das circunstancias, todos os nosos protagonistas son apresados salvo o Viaxeiro, que recorre á desesperada a invocar á Procesión da Noite, sendo esta efectiva para axudarlle a escapar a levarse consigo a Xela, que se libra tamén dos seus secuestradores no último segundo. Xuntos, son a única luz na escuridade que invade Oseira.



O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

CAPÍTULOS

- Capítulo 1: Benvida a Oseira
- Capítulo 2: O ataque dos melómanos
- Capítulo 3: A Entidade
- Capítulo 4: Desterro
- Capítulo 5: O retorno dos musicotrasnos



PROGRAMA DE ESTUDO

Coñecemento instrumental



Con Travinsqui aprenderás a clasificar diferentes instrumentos, coñecerás a súa forma, nome e o seu timbre característico, así como outros aspectos de interese.

Formación rítmica



Ritmellón ensinarache todo o que precisas saber sobre ritmo. A duración das figuras musicais, as sílabas rítmicas asociadas a alimentos para recordalas mellor e conseguir desenvolver o oído con diferentes ditados rítmicos.

Linguaxe Musical e Harmonía



Motz amosarache todos os secretos da parte máis teórica da música. Aprenderás a ler as notas nun pentagrama, a recoñecer melodías só con escoitalas e outros aspectos da linguaxe musical.

Interpretación instrumental



Os tres coordinadores da Escola de Arte ensinarache o básico para tocar os instrumentos iniciais de cada unha das tres clases: vento (fauta), percusión (pandeireta) e corda (ukelele).

Neste capítulo aprenderas....

- ✓ Coñecemento das agrupacións instrumentais máis representativas na música tradicional e fóra desta
- ✓ Duración e ritmo: Semicorcheas e corcheas cominadas nun tempo. Signos de intensidade.
- ✓ Linguaxe musical: A escala menor. Acores menores. Intervalos de 6ª e 7ª.
- ✓ Interpretación instrumental: Acores menores e progresións básicas dende o piano.

COÑECEMENTO INSTRUMENTAL



Agrupacións instrumentais

Chamamos agrupación instrumental ao conxunto de dous ou máis músicos que se xuntan para tocar, xeralmente, un estilo de música en concreto. Segundo o número de integrantes, podemos distinguir:

- Pequenas agrupacións: dúos, tríos, cuartetos ou quintetos de música de cámara (clásica), ou ben formando grupos de jazz, rock ou folk. Destes últimos, os de folk, só diremos que se forman de instrumentos tradicionais (gaitas, violíns) mesturados con instrumentos máis modernos (batería, guitarra eléctrica, teclado...)
- Grandes agrupacións: son aquelas que teñen un número maior de integrantes, o que implica que tocarán para un público tamén maior. Poden ser as bandas, as rondallas, as orquestras de baile, as big-band, os coros ou as

O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

orquestras clásicas.

PEQUENAS AGRUPACIÓNS

DÚOS			
Tradicional	Clásico	Jazz	Pop-rock
			
gaita e tamboril	piano e violín	piano e contrabaixo	guitarra acústica e voz
TRÍOS			
Tradicional	Clásico	Jazz	Rock
			
gaita, tamboril e bombo	piano, violín e violonchelo	piano, contrabaixo e batería	guitarra eléctrica, baixo e batería (e voz)

CUARTETOS

Tradicional	Clásico	Jazz	Rock
			
2 gaitas, tamboril e bombo	2 violíns, viola e violonchelo	saxo, piano, contrabaixo e batería	2 guitarras eléctricas, baixo e batería (e voz)

QUINTETOS

Clásico	Rock
	
2 violíns, 2 violas e violonchelo	teclado, 2 guitarras eléctricas, baixo e batería (e voz)

O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

GRANDES AGRUPACIÓNS

GRANDES AGRUPACIÓNS DE RÚA

Banda: percusión e vento.
Tocan en desfiles ou actos
oficiais.



Rondalla: Conxunto de conda
que tocan e cantan a coro
cancións populares.



Charanga: como
a banda pero máis
informal e de festa



Pandeireteiras:
agrupación de
cantoras que
tocan pandeiretas



Batucada:
agrupación de
percusión



GRANDES AGRUPACIÓNS DE ESCENARIO ou AUDITORIO

Orquestras de baile (de verbena)



Big-Band (Orquestra de jazz)



Orquestra clásica



Segundo o tamaño pode ser de cámara, sinfónica ou filarmónica.

Coros e corais



Os coros son conxuntos de voces, e corais o mesmo pero interpretan pezas máis clásicas ou formais.

O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

EXERCICIOS

Terás dous tipos de exercicios para demostrar o que aprendiches:

- ✓ Recoñecer de forma visual: Verás unha imaxe e terás que indicar que tipo de agrupación é e que nome ten.
- ✓ Nomear os instrumentos, músicos ou estilo dunha determinada agrupación (por exemplo, que é un cuarteto de corda?)



FORMACIÓN RÍTMICA




O tresíño de semicorcheas e corchea


No capítulo anterior vimos o tresíño común, no que as tres notas duraban o mesmo, e as tres tocábanse no que dura un pulso de negra, coma si partísemos a negra en tres partes iguais.

Neste capítulo veremos outros dous tresíños pero no que unha nota durará o tempo da corchea e as outras dúas o de dúas semicorcheas. Existen dous tipos de tresíños deste tipo moi usados:

- Grupo 1 de corchea + semicorcheas



- Grupo 2 de semicorcheas + corchea



O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS



Co grupo 1 diremos "TOU - CI-ÑO"




Co grupo 2 ao revés: "CI-ÑO - TOU"




Algúns exemplos de ritmos coas figuras traballadas poderían ser:


"Tou-ci-ño, quei-xo, pan, plá-ta-no"



"Ci-ño-tou, quei-xo, pan, tou-ci-ño"



"Tou-ci-ño, ci-ño-tou, ci-ño-toy, tou-ci-ño"



O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Os códigos das caixas de ritmos deste capítulo poderán ser:



En resumo:

Figura e código	Pictograma	Sílabas rítmicas	Pulsos
Redonda (1)		SAAAAAL	4
Branca (2)		MEEL	2

O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Figura e código	Pictograma	Sílabas rítmicas	Pulsos
Negra (4)		PAN	1
Corcheas (8)		QUEI-XO	1/2 + 1/2
Semicorcheas (16)		EM-PA-NA-DA	1/4+ 1/4+ 1/4+ 1/4

Figura e código	Pictograma	Sílabas rítmicas	Pulsos
Tresiño (3*) 		PLÁ-TA-NO	1/3+ 1/3+ 1/3
Tresiño Semi1 (7) 		TOU-CI-ÑO	1/2+ 1/4+ 1/4
Tresiño Semi2 (9) 		CI-ÑO-TOU	1/4+ 1/4+ 1/2

* Os tresíños non teñen código, pero para o noso xogo si terán.

O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Figura e código	Pictograma	Sílabas rítmicas	Pulsos
Silencio de redonda (1) 		(SAAAAAL)	4
Silencio de branca (2) 		(MEEL)	2
Silencio de negra (4) 		(PAN)	1

As calidades do son (Repaso)

Son catro, e xa traballamos tres en profundidade:

- Altura: calidade que indica se un son é máis agudo ou grave. Representase coas notas musicais no pentagrama (do, re, mi, fa...).



- Duración: calidade que indica se os sons son longos ou curtos. Para iso usamos as figuras musicais (branca, negra, corchea...).



- Timbre: calidade que nos permite diferenciar un son que ten a mesma altura, a mesma duración e a mesma intensidade, pero segue soando diferente, xa que te unha "cor" diferente. Traballamos esta calidade diferenciando o son dos distintos tipos de instrumentos.


Nunha partitura indícase que instrumentos tocan cada parte poñendo o seu nome.



O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

- Intensidade: calidade que indica se un son é máis forte ou máis suave, con máis ou menos volume. Verémola agora máis en profundidade.

Cando falamos do acento dixemos que era un pulso que soaba máis forte. Entón, ese pulso ten unha intensidade maior que o resto. Pero ademais, se queremos indicar que outra nota teña máis ou menos forza usamos o que chamamos "matizes de intensidade", que son uns signos que se escriben baixo as notas nas partituras.



Nome do matiz	Significado	Signo
<i>Pianissimo</i>	Moi débil.	<i>pp</i>
<i>Piano</i>	Débil.	<i>p</i>
<i>Mezzopiano</i>	Medianamente débil.	<i>mp</i>
<i>Mezzoforte</i>	Medianamente forte.	<i>mf</i>
<i>Forte</i>	Forte	<i>f</i>
<i>Fortissimo</i>	Moi forte.	<i>ff</i>
<i>Crescendo</i>	Incremento progresivo da intensidade.	<
<i>Decrescendo</i>	Diminución progresiva da intensidade.	>

LINGUAXE MUSICAL E HARMONÍA



A escala menor

A principal diferenca entre unha escala menor e unha maior é a orde na que aparecen as notas e a orde en que estas notas están distanciadas en canto a tons e semitóns. Isto fará que cambien as notas principais e así o son, facendo que a menor sexa unha escala máis triste e melancólica que a maior.

Recordamos como era a distribución das notas e distancias na escala maior, o que podemos dicir o esquema da escala maior:

Do		Re		Mi	Fa		Sol		La		Si	Do'
	T		T		st		T		T		T	st

Na menor, en lugar de ser T+T+st+T+T+T+st será:

	T		st		T		T		st		T		T
--	---	--	----	--	---	--	---	--	----	--	---	--	---

O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Así, por exemplo, a escala de La menor, utiliza as mesmas notas que a de Do pero colocadas segundo o esquema das escalas menores:

La		Si	Do		Re		Mi	Fa		Sol		La'
	T		st		T		T		st		T	T

En resumo:

- Esquema escala Maion:

	T		T		st		T		T		T		st
--	---	--	---	--	----	--	---	--	---	--	---	--	----

- Esquema escala menor:

	T		st		T		T		st		T		T
--	---	--	----	--	---	--	---	--	----	--	---	--	---

Acordes menores

No capítulo tres vimos que un acorde era cando soaban tres ou máis notas simultaneamente e formaban unha unidade harmónica, é dicir, que empastaban ben e creaban un son único.

Para formar un acorde hai que coller tres notas (unha tríade): a fundamental ou tónica, que é a nota que máis peso ten e dálle nome ao acorde; a súa 3ª e a súa 5ª. Para saber cal é a 3ª e a 5ª só temos que contar dende a nota tónica 3 ou 5 na escala ascendente.

Así:

- Notas acorde Do Maior (1,3,5= Do, Mi, Sol))

1ª			3ª			5ª					
Do		Re	Mi	Fa		Sol		La	Si	Do'	

- Notas acorde Do menor (1,b3,5= Do, Re#, Sol))

1ª			3ª			5ª					
Do		Re	Re#	Mi	Fa	Sol		La	Si	Do'	

O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Como ves, para diferenciar un acorde maior dun menor, a nota que cambia é a 3ª. A 3ª dun acorde maior chámase 3ª maior e ten 2 tons de distancia coa 1ª, e a 3ª dun menor chámase 3ª menor e ten 1 ton e 1 semitón de distancia coa 1ª.

Isto é, a diferenza entre un acorde maior e un menor está na 3ª nota.

- Do Maior: Do, Mi, Sol



- Do menor: Do, Re#, Sol



Así pois, a fórmula dun acorde menor é: 1, b3, 5

Exercicios no instrumento:

- Exercicios de lectura: Coas 7 notas naturais da escala máis o do agudo, e esta vez sen estar diferenciadas pola cor.
- Ditados melódicos: ditados de tres notas, que comezan sempre por Do, e que poden incluír as notas Do, Re, Mi, Fa, Sol e Do', e ademais engadimos neste último capítulo as notas La e Si para completar a escala.

O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Neste capítulo poderémonos atopar con caixas melódicas que emiten dúas notas, e a primeira sempre é Do. As posibilidades serán:

Intervalo	Notas que soan	Contrasinal
Unísono	Do-Do	1-1
2ª Maior	Do-Re	1-2
3ª Maior	Do-Mi	1-3
4ª Xusta	Do-Fa	1-4
5ª Xusta	Do-Sol	1-5
6ª maior	Do-La	1-6
7ª maior	Do-Si	1-7
8ª Xusta	Do-Do'	1-8



INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL

Neste capítulo teremos unha clase especial con Motz, que nos ensinará a tocar os acordes menores no piano. Neste caso ensinaranos a tocar os seguintes acordes:

Re menor (Dm)

Segundo a fórmula 1, b3, 5, a coorde sería Re (1), Fa (b3), La (5).



Para tocar acordes no xogo activa o modo "acordes" e logo pulsa na nota do acorde que queiras tocar. Neste caso pulsaríamos no "re".

O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Mi menor (Em)



La menor (Lam)



Progresións de acordes

Unha progresión é un grupo de habitualmente catro acordes que van soando un tras outro de forma repetida durante unha parte ou toda unha canción, servindo de base harmónica para esta. Sobre estes pódese cantar ou facer melodías con outros instrumentos. Un par de exemplos na tonalidade de do maior poderían ser:

- 1: Do – Sol – Lam – Fa
- 2: Lam – Fa – Do – Sol

AXUDAS PARA O ALUMNADO



O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS


Nesta sección tratamos de darvos un empurróniño no caso de que vos atasquedes nalgún lugar do xogo.

SPOILERS ALERT!!


Se non queredes que vos estrague algo do argumento, o mellor é FUXIR de esta sección!!




Se esta sección non se aclara dabondo sempre podes ir ao canal de Youtube “O país dos musicotrasnos”



Neste capítulo poderás viaxar por todo o mapa do mundo do xogo. Aquí o tes para non perderte nada!



O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS



CRÉDITOS, LICENCIAS E ATRIBUCIÓN

Información xeral sobre este recurso educativo	
Título	O País Dos Musicotrasnos, 2024
Formato	Videoxogo RPG
Autoría	Realizado por Noé Rañón @enclavedemestre durante o período de Licencia por Formación, para a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades da Xunta de Galicia.
Licencia	Creative Commons BY-NC-SA 4.0 

O recurso foi elaborado no programa RPG Maker MV, de onde proceden a maioría de músicas, sons e imaxes do xogo veñen incluídas co programa de edición de RPGs RPGmaker MV <https://www.rpgmakerweb.com/products/rpg-maker-mv>

O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

- Os sons de instrumentos musicais foron creados co programa Guitar Pro 6 por Noé Rañón, e os que non foron gravados pola mesma persoa. <https://www.guitar-pro.com/>
- Todas as imaxes desta guía así como aquelas do videoxogo que non pertencen ao RPGMaker foron creadas con IA no xerador de imaxes de Bing por Noé Rañón, incluída a imaxe da portada do xogo e de todos os instrumentos musicais. <https://www.bing.com/images/create?FORM=GENILP>
Varias das mesmas imaxes foron editadas con posterioridade en Photoshop por Noé Rañón, para darlle un toque máis adaptado ao formato.
- Para algún dos exercicios utilizamos os seguintes pictogramas da web Arasaac:



Autor pictogramas: Sergio Palao

Procedencia: ARASAAC (<http://arasaac.org>). Licencia: CC (BY-NC-SA)

Propiedad: Gobierno de Aragón

Este recurso poderase reutilizar e compartir igual sempre que se recoñeza a autoría do mesmo.

